



Galicia

GALICIA LABORAL

Diario dixital da UGT de Galicia

LOITA polo TEU

ÚNETE

ISSN 1989-3299

Nº 663 Semana do 1 ao 7 de febreiro de 2016

UGT CHAMA Á CIDADANÍA GALEGA A PARTICIPAR NAS MOBILIZACIÓNS CONVOCADAS PARA O DÍA 8 BAIXO O LEMA “FOLGA NON É DELITO. DERROGACIÓN DO ART.315.3 DO CÓDIGO PENAL”

Redacción.- UGT-Galicia chama á cidadanía a participar nos actos convocados, por UGT e CCOO, o vindeiro día 8, excepto en Vigo que será o día 11, para reivindicar que a “Folga non é delito. Derrogación do art.315.3 do Código Penal”.

Están convocados actos nas principais vilas e cidades galegas porque hai razóns máis que suficientes para a mobilización, o dañino artigo 315.3 do Código Penal, polo que se criminaliza a participación dos traballadores nas folgas, ou a Lei de seguridade cidadá, que introduce máis recortes nos dereitos fundamentais.

A folga é un dereito fundamental recoñecido en case todos os países do mundo pero en España estase restrinxindo o seu exercicio para, ao tempo, silenciar á cidadanía. Preténdese converter o conflito social nun problema de orde pública, camiñando cara un Estado de carácter policial.

Xa se criminalizaron as actuacións de trescentos sindicalistas en defensa dos dereitos dos traballadores. En Galicia, Carlos e Serafín, con penas de prisión de tres anos, aínda están á espera de que se lles de resposta ás peticións de indulto. Mentres tanto, continúan as mobilizacións na súa defensa. Tamén están os cinco traballadores de Arcelor, en Asturias, ou os oito traballadores de Airbus, en Madrid, para os que a Fiscalía pide en total 66 anos e cárcere.

O mercado carácter ideolóxico destas reformas persegue un único obxectivo, acernar as liberdades democráticas para acalar a protesta social e o exercicio desas liberdades fronte ás políticas de recortes, restritivas e antisociais.

Reunións co PSdeG, AGE e BNG para recabar apoios

Nesta campaña, sostida no tempo, de denuncia e reivindicación, esta semana tiveron xa lugar varias xuntanzas dunha representación da Comisión Executiva de UGT-Galicia, xunto coa de CCOO, cos grupos parlamentarios do PSdeG, AGE e BNG co fin de recabar o apoio destes grupos cara a presentación dunha moción en defensa do dereito de folga e pola derogación do artigo 315.3 do Código Penal.

Mobilizacións 8 de febreiro

LOCALIDADE	HORA	LUGAR
A CORUÑA	12.00	Delegación do Goberno
FERROL	12.00	Edificio Xunta
SANTIAGO	12.00	Diante da Xunta
LUGO	11.30	Subdelegación Goberno
VIVEIRO	12.00	Xulgados
OURENSE	11.30	Subdelegación Goberno
PONTEVEDRA	11.30	Praza da Ferrería
VIGO (Día 11)	19:00	Museo arte contemporánea

Reunións con PSdeG, AGE e BNG



UGT-GALICIA DENUNCIA O MAL COMPORTAMENTO DO DESEMPREGO E DOS DATOS DE AFILIACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL

O Sindicato insiste en que a recuperación non chega ás familias. Causa estupor escoitar a unha ministra do Goberno afirmar que o de xaneiro é un “dato positivo” que “chama á esperanza”

Redacción.- As cifras de desemprego feitas públicas este martes son realmente negativas. Evidencian, primeiro, unha suba considerable do número de persoas desempregadas, a precariedade dos contratos que se asinan, que mulleres e mozos seguen a ser os máis prexudicados desta situación e que as taxas de cobertura por desemprego están en mínimos históricos, acompañado isto do feito de que as prestacións teñen un marcado carácter asistencial.

A situación descrita non pode máis que suscitar unha valoración negativa e unha forte crítica por parte da Comisión Executiva de UGT-Galicia. É difícil falarlles ás familias de recuperación á vista dos feitos. Segue a ser complicado atopar un posto de traballo, cando isto se consegue é na precariedade e aqueles que están fóra do mercado laboral ven como as coberturas por desemprego son cada día máis escasas e de menor contía, polo seu marcado carácter asistencial.

O Sindicato considera que urxe outra política económica e social, centrada nas persoas. Unha política que reduza o desemprego, que cree emprego de calidade e que mellore os salarios, coa derogación das reformas laborais do 2010 e 2012, co fin de aumentar a demanda interna, sentar as bases dun crecemento sólido e sostible e diminuír os altos niveis de desigualdade e pobreza que existen na actualidade.

Os datos concretos feitos públicos reflicten no mes de xaneiro 236.447 persoas en situación de desemprego en Galicia, medrando o 3,34 por cento en relación ao mes anterior, 7.639 parados máis. Unha evolución máis negativa que no resto do Estado, onde medra o desemprego no 1,40 por cento.

Galicia é a terceira comunidade con maior incremento do desemprego

De feito, Galicia é a terceira comunidade con maior incremento relativo do desemprego no mes, tras Navarra e Cantabria, e a terceira tamén en termos absolutos, só superada por Andalucía e Madrid.

En relación a hai un ano, o desemprego baixa nun 8,7 por cento, en 22.555 persoas. De xeito similar a como o fai no resto do Estado, un 8,28 por cento.

Un mes máis, é obrigado denunciar a



contracción na poboación en idade de traballar, pola saída cara fóra e o retorno dos inmigrantes cara o seu país de orixe. Continúa a caída do desemprego entre os estranxeiros, un 5,1 por cento de diminución interanual en Galicia.

Por sexos, o paro mensualmente medra en ambos casos pero máis entre as mulleres.

O paro medra en todas as provincias, na que máis en Pontevedra, o 4,08 por cento; en Lugo o 3,72 por cento; en Ourense, nun 3,66 por cento; e, na que menos, en A Coruña, un 2,40 por cento. En termos interanuais contráese en todas as provincias, o 6,9 por cento en Ourense, o 9,37 por cento en A Coruña, o 8,57 por cento en Pontevedra e o 8,54 por cento en Lugo.

Por idades, entre os menores de 25 anos o desemprego medra dun xeito máis acusado, no 4,21 por cento. Non obstante, no ano a caída é moito máis acusada, do 15,31 por cento, basicamente, pola saída de efectivos de Galicia, ante a falta de opcións de futuro, así como, pola falta de relevo xeracional.

No mes, por sectores, o desemprego medra en todos, salvo no primario e na industria. Pero o sector servizos é o que rexistra maiores incrementos, polo fin das contratacións de Nadal, subindo en 7.336 o número de persoas desempregadas neste sector, o 96 por cento do total. Tamén resulta destacable o aumento da construción, con 544 persoas desempregadas máis. No ano rexistráronse fortes caídas en todos eles, destacando a industria, o 15,62 por cento, e a construción, o 15,48 por cento.

No referente á contratación, a caída foi do 8,68 por cento. No ano, esta aumentou pero moi levemente, nun 0,43 por cento.

Caendo os indefinidos, o 5,92 por cento, e medrando os temporais, o 1,09 por cento. A porcentaxe de contratos indefinidos, sobre o total, no mes de xaneiro non supera o 8,87 por cento, caendo un punto en relación a hai un ano.

Só nun mes en Galicia asináronse 62.688 contratos, quedando clara a precariedade destes contratos e os altos niveis de rotación laboral e, polo tanto, de precariedade.

Se a análise feita ata o momento é negativa, cando se enfoca cara as prestacións e coberturas por desemprego o panorama é desalentador. En decembro de 2015, último dato dispoñible, en Galicia o número de beneficiarios de prestacións eran 112.624 persoas. O carácter contributivo está en mínimos, tan só o 42,13 por cento das persoas en desemprego perciben prestacións de carácter contributivo, sendo o 53,45 por cento restante asistencial. Isto supón, contías máis baixas, mentres a media das contributivas é de 785,4 euros, as asistenciais son de 426 euros. Ademais, que cada vez sexan máis os parados que perciban prestacións asistenciais, fronte ás contributivas, indica que existe moito paro de longa duración que tarde ou cedo quedará sen nada, co forte risco de pobreza e exclusión social que isto supón. De feito, xa hai en Galicia 116.184 parados sen ningún tipo de cobertura, o 49,14 por cento do total. Así, a cobertura por desemprego está en mínimos.

A media de afiliados á Seguridade Social é de 930.883 en Galicia, caendo o 1,61 por cento, 15.240 afiliados menos. Aínda que no ano sube o 1,92 por cento, esta porcentaxe segue afastada do 3,19 por cento do resto do Estado. Esta Autonomía continúa lonxe do millón de afiliados de antes da crise.

DEFINIR UNHA RESPONSA EUROPEA QUE SOLUCIONE O PROBLEMA DOS REFUXIADOS EN EUROPA

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Cándido Méndez, demandou maiores esforzos para combater a crise de refuxiados en Europa. “Hai que definir unha resposta europea, porque agora non a hai. A dimensión ética do proceso de construción europea está en dúbida”.

Cándido Méndez realizou estas declaracións na xornada convocada polo Consello Económico e Social Europeo sobre a crise migratoria en Europa, onde sinalou que “estamos ante un reto que veu para quedar e na Unión Europea a visión é defensiva e cortoplacista”.

“Os compromisos que tiña a Comisión Europea de recolocar a 160.000 refuxiados, que era unha cantidade claramente insuficiente en relación á magnitude das persoas que estaban a solicitar asilo, está lexísimos de alcanzarse. Persoas recolocadas en Europa son 459, en España 18. E as prazas de recolocación que se ofertaron son 4.200 en toda Europa e en España 50. Nin sequera o compromiso que se adquiriu no seu día está en condicións de cumprirse de ningunha maneira”.

“Está a haber un repregamento na UE. Hai máis expulsións de inmigrantes que acollidos. Poderíase chegar á conclusión descorazonadora de que o debate de ideas



gañárono os populistas e os xenófobos, porque son estas ideas as que están a avanzar de maneira clara”.

Como exemplo, sinalou a decisión do Parlamento danés de requisar os bens dos refuxiados como “un claro retroceso para a construción europea. A Comisión Europea dixo xa que vai revisar esa norma, pero se chega á conclusión de que esa norma é correcta xa non estamos na Europa que queremos”.

Pero, á súa vez, “á Comisión parécelle ben que expulsen Alemaña, Suecia e Finlandia a 100.000 persoas. É un tema preocupante. Prodúcese unha involución en relación coa libre circulación e isto afecta

tamén á circulación dos traballadores en Europa, con fortes restricións. É o caso da negociación entre o Reino Unido e a Comisión Europea, na cal o Goberno británico o que non quere son migrantes pobres, sexan comunitarios ou extra”.

Por iso, Cándido Méndez sinalou que estamos ante unha “situación que supón un retroceso moi serio en relación aos valores que lle dan sentido á constitución da Unión Europea. Aquí hai normas que se impoñen, como son os plans de estabilidade, e con todo non se salvagardan dereitos humanos fundamentais como algo obrigatorio, de forma tal que cada país fai o que lle dá a gana”.

UGT EDITA UN ESTUDO QUE OFRECE FERRAMENTAS PARA INCORPORAR A PREVENCIÓN DOS RISCOS PSICOSOCIAIS NA NEGOCIACIÓN COLECTIVA

Redacción.- O Observatorio de Riscos Psicosociais de UGT editou un estudo sobre a Negociación Colectiva en Prevención de Riscos Psicosociais no Traballo.

O estudo examina a evolución, avances e perspectivas que na Unión Europea e en España están a producirse na incorporación da prevención dos riscos laborais, particularmente na prevención dos riscos psicosociais, na negociación colectiva e constata que os convenios colectivos tratan dunha maneira moi lasa esta materia, limitándose no mellor dos casos a recoller a literalidade da Lei.

A través da investigación documental realizada polo Sindicato evidénciase que a negociación colectiva pode contribuír a liquidar as lagoas do noso ordenamento xurídico, así como a reforzar o compromiso entre interlocutores sociais, Administración e traballadores para conseguir unha xes-

tión preventiva integral.

Para iso, sería necesario incrementar os preceptos preventivos que se implementan nos convenios colectivos.

A enquisa ESENER reconece o papel activo dos representantes dos traballadores na prevención dos riscos laborais e en particular dos riscos psicosociais, por iso este estudo incorpora un abanico de experiencias que pretenden servir de referencia aos delegados de prevención para o establecemento de obxectivos e a planificación e aplicación destes obxectivos a través da negociación colectiva.

Así mesmo, ofrece unha serie de fe-



rramentas útiles na prevención dos riscos psicosociais (Códigos de Conduta, Guías de Boas Prácticas, Protocolos, etc).

O III Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva no que se recolle no capítulo II un punto dedicado á seguridade e saúde no traballo (punto 7) debe significar o punto de partida na incorporación da prevención dos riscos psicosociais na negociación colectiva e converterse en regra xeral en todos os ámbitos de negociación.

UGT RECLAMA O APOIO DOS GRUPOS PARLAMENTARIOS PARA BUSCAR UNHA SOLUCIÓN CONSENSUADA AO CONFLITO DO GRUPO TRAGSA

Redacción.- As federacións de MCA-UGT, FES-UGT e FSP-UGT enviaron a pasada semana unha carta aos voceiros dos distintos grupos parlamentarios na que solicitan unha reunión para informarles de primeira man sobre a preocupación existente entre os traballadores e traballadoras de Tragsa pola situación que atravesa o Grupo tras a aplicación e posterior paralización do procedemento de despedimento colectivo (PDC), que supuxo ata o momento o despedimento de 555 traballadores.

As tres federacións sindicais de UGT reclaman o apoio dos grupos parlamentarios en defensa dos traballadores de Tragsa e critican que desde a entrada da actual Dirección no Grupo a situación financeira de

Tragsa veu empeorando, froito dos cambios organizativos, a excesiva burocratización e entrada de novo persoal ligado á Dirección, e a adopción de decisións controvertidas, como o plan de Internacionalización do Grupo, o que tivo consecuencias negativas para a empresa pública.

Denuncian que o plan de axuste presentado por Tragsa para facer fronte a esta mala xestión centrouse exclusivamente na redución de postos de traballo sen que a Dirección se aviniera a negociar unha saída consensuada e tratar de que a redución do persoal, de ser necesaria, se producise por medios non traumáticos.

"A pesar diso, aproveitando as datas do Nadal e a existencia dun Goberno en funcións, a dirección do Grupo procedeu á extinción dos contratos de traballo, afectando a 555 traballadores", lembra a carta.

Ademais, e dado o carácter público das empresas, a perda duns traballadores "que constitúen a elite das distintas profesións "froito da experiencia e o investimento en formación realizada durante décadas" supón "un severo dano á capacidade do Estado para afrontar con garantías as necesidades de desenvolvemento e conservación do medio rural e natural", así como, "a redución da capacidade de loita contra os incendios forestais e de mobilización ante outro tipo de catástrofes".

OS TRABALLADORES DO 061 E DO 112 DENUNCIAN O SEU PRETENDIDO TRASLADO DE SANTIAGO Á ESTRADA

Redacción.- Os traballadores dos servizos de emerxencias do 061 e 112, que desempeñan as súas tarefas na central emprazada en San Marcos (Santiago), denuncian o seu pretendido traslado á Estrada.

Serían 300 traballadores afectados que, como explica a delegada de UGT, Araceli Nine, verán a súa vida truncada porque esta é unha medida que vai máis aló do meramente laboral, supón un cambio radical na súa vida familiar e un importante coste económico porque a gran maioría xa levan moitos anos traballando en Compostela e teñen alí a súa vida totalmente formada.

Pero é que, ademais, están os propios custos económicos que para toda a sociedade galega vai ter este

traslado, totalmente innecesario e inexplicable, e tamén hai que ter en consideración o impacto sobre a cidade compostelana.

Precisamente, este martes, os traballadores tiveron un encontro no centro sociocultural do ensanche para darlle a coñecer ás forzas vivas da cidade as repercusións deste traslado.

Os traballadores aclaran que, se a Xunta continúa adiante con esta medida, non se descarta abrir un ca-



lendario de mobilizacións contra o traslado e contra a deslocalización de ambos servizos. Porque esta medida non está xustificada nin dende o punto de vista técnico, nin laboral nin económico. E o único que vai ocasionar é prexuízos para todas as partes implicadas.

Programa de garantía xuvenil

Programa extraordinario de activación para o emprego

INFÓRMATE!

Dirixete ás sedes de UGT ou en: <http://www.ugtg Galicia.org>

AFRONTAR O CAMBIO CLIMÁTICO: OPORTUNIDADE PARA O DESENVOLVEMENTO E O EMPREGO

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores, en colaboración co experto en Desenvolvemento Sustentable da Universidade de Alcalá de Henares, José Luis Da Cruz Leiva, desenvolveu o informe "Afrontar o Cambio Climático: Retos e Oportunidades", como un instrumento de reflexión e análise sobre os impactos do cambio climático a nivel global e rexional, os desafíos para a transición cara a unha economía baixa en carbono e os retos de adaptación para os sectores produtivos máis relevantes en España: agricultura, industria e turismo.

O Acordo do Cumio de París supón un importante avance político, despois de que achega un instrumento para combater o cambio climático froito do maior consenso mundial. Con todo, o grao de ambición en moitos dos seus aspectos crave está moi lonxe do desexable e das expectativas manifestadas polos sindicatos e outras organizacións da sociedade civil.

Xunto á satisfacción polo compromiso

mundial de manter o quecemento global por baixo dos 2°C, está a correlativa preocupación pola brecha existente entre a ambición deste compromiso global e resultado das contribucións nacionais comprometidas actualmente, que sitúan o incremento de temperatura preto dos 3°C.

Pero aínda estamos a tempo de reducir e controlar os riscos do cambio climático se se levan a cabo actuacións estratéxicas, coordinadas e dirixidas tanto á drástica redución das emisións como á adaptación ao cambio climático xa en marcha.

UGT está convencida de que a implementación de medidas para combater o cambio climático non constitúe un obstáculo ao desenvolvemento socioeconómico, senón que é un importante estímulo para avanzar cara a un cambio de modelo que faga compatibles a ambición ambiental e a creación e mantemento do emprego, dous dos principais desafíos da sociedade mundial.



UGT GAÑA EN EULEN SEGURIDAD NA PROVINCIA DE A CORUÑA

Redacción.- UGT ven de gañar as eleccións sindicais en Eulen Seguridad na provincia de A Coruña con catro representantes.

CCOO obtivo tres delegados, dous foron para USO, dous para a USTG, un para a CIG e outro para o SLS.

Dende FES-UGT saúdan o resultados e agradecen a confianza depositada polos traballadores deste grupo no Sindicato, tanto no seu proxecto de futuro como na xestión desenvolvida nos últimos anos.

O TSXG RATIFICA A NULIDADE DO DESPEDIMENTO DO PRESIDENTE DO COMITÉ DE EMPRESA DE URBASER EN LUGO

Redacción.- O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ven de ratificar a sentenza do Xulgado do social número 3 de Lugo na que se declaraba nulo o despedimento do presidente do Comité de empresa de Urbaser en Lugo e tamén delegado de UGT, Juan Carlos Casal.

O traballador xa se incorporara ao seu posto cando do Xulgado do Social de Lugo lle comunicou a sentenza agora ratificada polo TSXG. A empresa o despe-

diu semanas despois de que finalizara a folga de recollida de lixo en Lugo que durou 59 días.

A propia sentenza recoñece que o contrato é indefinido por fraude na contratación, polo que o cese, cando menos, debe ser declarado despedimento improcedente. Pero é que afonda máis no acontecido e o declara como nulo por acreditar "indicios razoables de que o cese obedecía a unha suposta represalia

da empresa por ter participado activamente na folga do 2014 e formado parte, ademais, do comité de folga e como membro do Comité de empresa en representación de UGT.

Tanto o afectado, como o Comité de empresa, manifestan a súa plena satisfacción porque, unha vez máis, os tribunais danlle a razón aos traballadores de Urbaser-Lugo, pese á insistencia da empresa en no restablecer a paz social.

O TS RECOÑECE O DEREITO Á PAGA EXTRA DE DECEMBRO DE 2012 PARA OS TRABALLADORES DE PORTOS DE GALICIA

Redacción.- O Tribunal Supremo ven de desestimar o recurso de casación interposto por Portos de Galicia contra unha sentenza do TSXG na que se recoñecía o dereito dos traballadores deste ente a percibir a paga extra do mes de decembro de 2012 en cantidade proporcional á devengada dende o 1 de xullo ata o 15 de xullo de 2012.

Así, o TS recoñece novamente este dereito que foi demandado dende un primeiro

momento por UGT, que tomou a iniciativa, despois coa adhesión de CIG e CSIF pero coa incomprendible ausencia de CCOO.

De feito, o peso do procedemento, así como a súa incoación, foi realizada por SMC-UGT xunto cos servizos xurídicos de UGT-Galicia.

Dende SMC saúdase esta sentenza



que consegue dar un paso adiante para mellorar as condicións laborais dos traballadores de portos de Galicia.